

ACTA REUNIÓN CONSELLO EM

Sendo as 16:30 horas do día 29 de abril de 2017, reúnese o Consello das Mareas para tratar a seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta do Consello do 2 de abril de 2017.
2. Informe da constitución da Comisión de Garantías.
3. Informe do traballo realizado pola Coordinadora.
4. Informe e exposición sobre os Regulamentos do Consello e da Coordinadora, para a súa inclusión con achegas para a seguinte sesión do Consello.
5. Debate e aprobación da Proposta de traballo compartido e distribución de responsabilidades dos membros da coordinadora e do consello.
6. Proposta da Coordinadora para convocar Plenario de planificación de En Marea para a primeira quincena de xullo coa seguinte orde do día:
 - Informe do traballo realizado pola Coordinadora dende o 2 de abril ate a data.
 - Informe de rendición de contas dos Grupos Parlamentares
 - Planificación de liñas estratéxicas e liñas de traballo para o seguinte semestre.

Asistentes: Gladys Afonso Lobato, Pablo Alonso, Elena Cores Leiro, Alfonso Diz Diéguez, Rafael Dopico Carballeira, Esther Duro Rodríguez, Vitoria Esteban Riesco, Mariano E. Fernández Cabarcos, Mónica González Fernández, Ares Jiménez Soria, Mario López Rico, Consuelo Martínez García, Oriana Méndez Fuentes, Iria Morgade Valcárcel, Javier F. Octavio de Toledo Delgado, Sara Outeiral, Noemí Prados Ansende, Thais Rivera López, Pedro José Rivera Rodríguez, Paula Rodríguez Domínguez, Davide Rodríguez Estévez, Francisca Rodríguez Rodríguez, Gonzalo Rodríguez Rodríguez, Ana M^a Seijas Baranauskas, Xurxo Triñanes Hermo, Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira.

A petición de Mariano engádese un apartado 7 de "Rogos e Preguntas" á orde do día.

Acórdase debater sobre a posibilidade de participar on line nas reunións do Consello.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta do Consello do 2 de abril de 2017.

Xurxo informa que enviou alegacións á acta que non foron incorporadas: As persoas que rexeitaron formar parte da Coordinadora aparecen como “non acepta” ou “renuncia”. Acórdase unificar poñendo “non acepta”.

Acórdase incorporar á acta a Proposta de integración para o Consello á que deu lectura Gonzalo.

Apróbase a acta coa incorporación das alegacións.

A partir de agora, establécese un período de 48 horas antes da celebración do Consello para a entrega de alegacións á acta anterior. Acórdase que as actas do Consello das Mareas recollan unicamente de forma sucinta os acordos.

2. Informe da constitución da Comisión de Garantías.

Infórmase da constitución da Comisión de Garantías á que non se incorporou Noemí e será substituída por Silvia Gutiérrez.

A coordinadora facilitou a documentación e os medios materiais para o seu funcionamento. Terán a próxima reunión esta vindeira semana e a partir desa actuarán con total autonomía.

3. Informe do traballo realizado pola Coordinadora.

Traspaso de poderes. Infórmase dos atrancos para conseguir as claves de acceso aos programas de EM. Non temos acceso á administración da rede e á administración de Medrando, informándonos que a única persoa con acceso a Medrando non é de EM e vive en Madrid, polo tanto, o traspaso de Poderes non pode considerarse rematado.

Transparencia e recompilación documentos. Infórmase da recompilación dos documentos finais de EM que agora serán publicados na web.

Carta financeira e desenvolvemento regulamentario. Infórmase que estamos a traballar na carta financeira e o seu desenvolvemento, pendentes de estudar a posibilidade de compatibilizar as obrigas das persoas con dobre militancia de

xeito que facilite o cumprimento das mesmas con EM e con calquera outra organización. Ao respecto, solicitouse a Carta financeira de EU, xa que a de Podemos xa a temos. No momento que teñamos toda a documentación someterase a debate no Consello.

Organicidade, territorialización. Infórmase da necesidade de establecer unha RPT (Relación de Postos de Trabajo) de EM. Mentres non se fagan os contratos laborais, e transitoriamente, acordouse proceder ás seguintes:

- Web e deseño gráfico. Contrato temporal para mellora da páxina para dar resposta ás necesidades actuais.
- Asistencia xurídica mareas Locais: contactar con despacho asesoría.

Traerase proposta de RPT. Estase a preparar un informe económico-financieiro que permita coñecer a capacidade de contratación.

Tras un debate sobre a capacidade de contratación da Coordinadora, acórdase que a capacidade para contratacións de persoal estable recaer exclusivamente no Consello, para o que debemos ter a RPT e criterios de acceso a contratos. A Coordinadora ten a capacidade para realizar contratacións temporais que dean resposta ás necesidades circunstanciais e urxentes da organización. Infórmase da contratación por obra a servizos externos, para poder poñer en marcha os traballos propios da coordinadora que non poden esperar: non hai oco na páxina para a subida do banco de moción e necesítase deseño páxina web e asesorías para apoio ás mareas locais ata que se podan contratar con carácter laboral directamente por EM.

Protocolo de constitución novas mareas locais. Estase a traballar nunha proposta para súa aprobación no Consello e a súa posterior publicación na web.

Guía iniciativas e voluntariado. Infórmase da realización dun censo de voluntariado, tal como se publicou no telegram do Consello. Estanse adaptando as iniciativas do GP galego a Mocións Locais e compartiranse tamén mocións dos distintos concellos.

Escritos enviados: Infórmase que se enviaron 2 correos-e para informar da constitución da nova coordinadora, o funcionamento de EM, promoción de novas mareas, banco de mocións e apoio técnico. Tamén enviouse unha

enquisa para coñecer os intereses das inscritas e a súa dispoñibilidade para colaborar. Enviouse tamén a convocatoria do grupo de feminismo sobre "Ventres de Alugueiro". Enviárase tamén unha enquisa ás mareas municipais para coñecer os seus intereses respecto a EM.

Xornadas publicitadas dos grupos de traballo do Parlamento. Infórmase sobre as xornadas de "Cláusulas sociais na contratación administrativa" para o 6 de maio e "Sanidade pública" para o 13 de maio.

Comunicación: Infórmase que se está a formar unha equipa de relato con persoas voluntarias, procurando tomar a iniciativa nos temas a poñer en debate na sociedade. Estanse a pedir orzamentos para a mellora da web. Denuncia as dificultades para ter acceso ás ferramentas de comunicación de EM. Acordouse emitir un comunicado de prensa de apoio ás mobilizacións sindicais do 1º de maio.

Abono dietas: Infórmase que a coordinadora propón o abono de dietas por asistencia á Coordinadora e ao Consello e actos na súa representación. A coordinadora presentará unha proposta de protocolo para a súa aprobación polo Consello.

Relacións institucionais: Infórmase que a rendición de contas do GP galego e da representación de EM no estado está pendente da asistencia dos seus representantes na Coordinadora para establecer o formato e contido do mesmo. Propúxose ao GP mellorar o protocolo de colaboración con EM.

Páxina web: Non hai acceso á xestión da web. Non se fixo unha relación pormenorizada da anterior responsable sobre os accesos, claves, etc. Acabamos de ter acceso ao hosting tras solicitarlo á empresa, descubrinto que o dominio estaba a punto de rematar, o espazo estaba superado, o que incrementaba considerablemente o seu custo, polo que se renegociou o espazo contratado. Non temos acceso a Medrando, non sabemos onde está aloxado nin que soporte ten. Non coñecemos as contas que ten abertas EM na rede. Non temos os enderezos electrónicos das inscritas, mareas, etc. Esta situación impídenos dirixirnos ás persoas inscritas para enviarlles información ou realizar unha consulta ou confirmar que ninguén intervén na web ou accede ao censo sen autorización de EM. Solicítase o traspaso de todas as claves. O Consello acorda por unanimidade dirixirse ás persoas integrantes da

Coordinadora Provisoria saínte para que faciliten toda a información, claves e códigos acompañados dunha relación de contas, accesos, etc. Infórmase que xa se enviou por parte da Coordinadora un burofax a Germán Tobío reclamando as claves.

Finanzas: Infórmase da xustificación 2017, na que houbo que devolver 81.489,85 euros e do saldo actual na conta. Presentada contabilidade gasto electoral ante o Consello de Contas. Estanse a atender os requirimentos de facenda sobre doazóns e o pago das facturas pendentes. Infórmase sobre o protocolo de finanzas na coordinadora. Dase conta dos atrancos topados á hora de facer o pago das facturas. Infórmase de varias persoas que fixeron préstamos a EM e quéixanse de que agora non lles contestan nos contactos que lles foron asignados para informarse sobre a devolución ou informe para a declaración da renda.

Local EM. Infórmase que a operación está paralizada por falta de aprobación de CA. Probablemente quedará resolta a próxima semana e poderase comezar a reforma do local.

4. Informe e exposición sobre os Regulamentos do Consello e da Coordinadora, para a súa inclusión con achegas para a seguinte sesión do Consello.

Infórmase que xa están rematadas as propostas de Regulamento Interno da Coordinadora e do Consello. Enviarase a todos os membros do Consello a vindeira semana para o seu debate na súa seguinte reunión.

5. Debate e aprobación da Proposta de traballo compartido e distribución de responsabilidades dos membros da coordinadora e do consello.

Infórmase do reparto de responsabilidades na Coordinadora.

Acción Estratéxica _____ Corresponsables

1. Relacións Políticas: Luís Villares Esther

2. Relato: Mario Sara

- | | |
|---------------------------------------|-------------|
| 3. Comunicación: Sara | Mario |
| 4. Formación-Mareas sectoriais: Chelo | Luís - Iria |

Coordinación e Extensión

- | | |
|--|---------|
| 5. Coordinación interna: Vitoria | Ana |
| 6. Extensión Territorial: Iria | Elena |
| 7. Municipalismo: Ana | Vitoria |
| 8. Ferramentas: Alfonso | Elena |
| 9. Metodoloxía e cuidados: Elena | Alfonso |
| 10. Administración e finanzas: Gonzalo | Esther |

Transversais

- | | |
|---|------------|
| 11. Relacións cos movementos sociais: Esther | Luís-Chelo |
| 12. Feminización e Acción Feminista: Ana | Iria |
| 13. Cultura, Lingua e Patrimonio serán colexiada. | |

Tras someter a votación dito reparto, apróbase a proposta por maioría de 16 votos a favor, 0 votos en contra e 9 abstencións.

Informa tamén que se acordou nomear Vicevoceiras a Ana Seijas e Victoria Esteban. Ana Seijas encargárase dos comunicados da área de estratexia e Vitoria Esteban da área organizativa, de xeito que todos os comunicados de EM sexan emitidos por estas compañeiras.

Javier Octavio de Toledo, Sara Outeiral, Peyo, Gladis, Mariano, Noemí, Oriana Méndez, Paula Rodríguez e Ares manifestan que non participan na votación por considerar que incumpre varios acordos asemblearios e condicionantes de xénero.

Apróbase a proposta das vicevoceirías por 16 votos a favor, 0 votos e contra e 0 abstencións.

Infórmase tamén que a representación do GP Estado recáe en Gómez Reino e a do GP de Galiza en Pancho Casal.

6. Proposta da Coordinadora para convocar Plenario de planificación de En Marea para a primeira quincena de xullo coa seguinte orde do día:

- **Informe do traballo realizado pola Coordinadora dende o 2 de abril até a data.**
- **Informe de rendición de contas dos Grupos Parlamentares.**
- **Planificación de liñas estratéxicas e liñas de traballo para o seguinte semestre.**

Acórdase

- Convocar o Plenario para o día 15 ou 16 de xullo, agás problemas de local.
- Crear unha comisión específica do Consello para a redacción de relatorios e organización do Plenario. Dáse o prazo dunha semana para anotarse no traballo para o Plenario.
- Engadir á orde do día un informe do traballo realizado polo Consello.
- Deixar a orde do día aberta para posibles adicións de puntos que se consideren pola Comisión preparatoria do Plenario.

7. Varios

Infórmase sobre o acontecido coa moción de censura, da que se decatou unha hora antes por Gómez Reino, polo que EM non puido tomar unha decisión orgánica ao respecto. Nin sequera houbo un posicionamento dos e das deputadas de EM no estado. A nosa solución para isto foi darlle carácter galego á necesidade desta Moción de Censura.

O consello rexeita esta forma de proceder do GP do estado respecto a EM, xa que non respecta a autonomía e espazo de EM.

Acórdase manter unha xuntanza co GP do estado para establecer as relacións políticas deste con EM. Esta xuntanza estará aberta aos membros do Consello que lles interese.

En canto teñamos as claves farase unha consulta ás inscritis sobre a oportunidade da Moción de Censura.

Acórdase publicar o apoio de EM ao alcalde de Ferrol ante a moción de censura no concello.

Acórdase amosar o apoio de EM á Plataforma "Vida e Ría" de Muros-Noia polos verquidos da minería na ría.

Iniciativa endiometrose: acórdase pasala galeguizada ao GP galego e ás mareas municipais.

Acórdase trasladar á prensa os acordos acadados hoxe no Consello.

Sen máis asuntos sen tratar, remata a reunión ás 20:30 horas.